# RÚBRICA DE AVALIACIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Na participación e colaboración** | Todos os membros do equipo participamos activamente e colaboramos axudando a outras persoas. *(2)* ☐ | Todos os membros do equipo participamos activamente, pero non axudamos a outras persoas porque nos centramos no noso traballo. *(1.5)* ☐ | A metade dos membros do equipo participaron activamente. *(1)* ☐ | Só traballou un membro do equipo e as outras persoas integrantes do grupo non colaboraron nin axudaron. *(0.5)* ☐ |
| **O clima de traballo** | Foi motivador e respectuoso, sen conflitos dentro do grupo. *(2)* ☐ | Foi agradable aínda que existiron pequenos conflitos que se resolveron inmediatamente. *(1.5)* ☐ | Foi pouco motivador porque houbo conflitos frecuentes que afectaban ao traballo e que se resolveron con axuda. *(1)* ☐ | Foi conflitivo porque houbo moitos problemas que afectaron ao traballo. *(0.5)* ☐ |
| **Na posta en común de ideas** | Todas as persoas do grupo fixemos achegas para completar as tarefas. Respectáronse as opinións e argumentouse o rexeitamento de propostas. *(2)* ☐ | Todas as persoas do grupo fixemos achegas para completar as tarefas, pero algunhas das propostas rexeitáronse sen razoamento. *(1.5)* ☐ | A metade do grupo aportou ideas e propuxo ideas e solucións para acadar as tarefas. *(1)* ☐ | Só un membro do equipo aportou ideas, o resto das persoas non levou propostas ao debate. *(0.5)* ☐ |
| **Para o seguimento do traballo** | Fixemos debates e analizamos os resultados do traballo para recoller propostas de mellora. *(2)* ☐ | Analizamos os resultados do traballo, e debatemos os resultados, pero non houbo propostas de mellora. *(1.5)* ☐ | Analizamos os resultados do traballo, pero sen debates nin propostas de mellora. *(1)* ☐ | Non fixemos a valoración do traballo nin debatemos os resultados. *(0.5)* ☐ |
| **A autonomía** | Foi plena xa que organizamos o funcionamento do grupo sen axuda, incluso axudamos a outros grupos a organizarse. *(2)* ☐ | Foi adecuada xa que organizamos o funcionamento do grupo sen axuda. *(1.5)* ☐ | Foi moderada xa que tivemos que solicitar axuda para organizar o traballo ao inicio, pero logo o equipo traballou con autonomía. *(1)* ☐ | Foi escasa xa que solicitamos axuda en varias ocasións para organizar o traballo. *(0.5)* ☐ |

“Rúbrica de avaliación do traballo en equipo”, do proxecto *cREAgal*, publícase baixo [Licenza Creative Commons Atribución Non comercial Compartir igual 4.0]